



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DUN EDUCADOR/A SOCIAL DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto destas bases é regular a contratación por esta Mancomunidad de **un educador/a social**; ao abeiro do Programa Provincial de Asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos en materia de servizos sociáis comunitarios “Programa Benourense” 2018.
2. O contrato que se subscribirá é o que regula o artigo 15.1.a) do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.
3. Funcións: xestión dos servizos de educación e apoio familiar, elaboración de programas e proxectos educativos, recepción e análise das demandas de persoas e familiares en situación de risco ou dificultade social, mediación social, cultural e educativa.
4. Procedemento de selección: **concurso-oposición**.

SEGUNDA. Bases específicas.

1. Número de prazas: **1** educador/a social.
2. Duración: Ata o 31 de decembro do 2018
3. Contrato laboral que se formalizará: obra ou servizo determinado.
4. Xornada laboral: 100%.
5. Salario bruto mensual: 1.055,58 euros (son doce pagas, incluídos todos os conceptos salariais).

TERCEIRA. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes que tomarán parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida a o correcto desenvolvemento das correspondentes funcións.



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.

f) Estar en posesión do permiso de conducir clase B.

g) Estar en posesión do título de Diplomado universitario en Educación Social ou outros homologados polo Colexio de educadores sociais de Galicia que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

h) Coñecemento da lingua galega: de acordo ao establecido no artigo 51 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administración Pública de Galicia e para garantir o uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así coma a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do **CELGA 4**, título superior ou equivalente, deberá superar unha proba oral sobre o coñecemento do idioma galego.

Todos estes requisitos deberán reunirse con referencia ao último día da presentación de instancias.

CUARTA. Baremo dos méritos e da fase oposición

Na **fase de concurso** os méritos que se valorarán son os seguintes:

1. Experiencia profesional: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **6 puntos**.

a) Por servizos remunerados prestados na Administración pública na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: **0,40 puntos por mes completo**.

b) Por servizos remunerados prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: **0,15 puntos por mes completo (máximo 2 puntos)**



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada) e copia dos contratos de traballo. **A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.** Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días) e os contratos a tempo parcial cunha xornada inferior á xornada completa valoraránse de xeito proporcional.

2. Formación para o emprego: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **2 puntos**. Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados, relacionados coas funcións do posto ao que se opta:

- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso
- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso
- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso
- Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso
- Cursos de 251 horas a 500 horas: 0,35 puntos/curso
- Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación da copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 40 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

Na **fase de oposición** valoraranse as seguintes probas:

1. Proba teórica: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **8 puntos**. Realizarase unha proba consistente en desenvolver un **exame tipo test** con **20 preguntas** sobre o **temario** establecido no **Anexo III**.

- Cada **resposta correcta** sumará **0,40 puntos**.
- Cada **resposta errada** restará **0,10 puntos**.
- **Non se establece puntuación mínima para superar esta proba.**
- Máximo: 1/2 hora.
- **Esta proba non é eliminatória.**

2. Proba práctica: a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de **4 puntos**. Realizarase unha proba tipo test con **cinco** preguntas baseadas nun caso práctico relacionado coas tarefas do posto obxecto de convocatoria do temario



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

establecido no anexo III.

- **Non se establece puntuación mínima para superar esta proba.**
- Máximo: 30 minutos.
- **Esta proba non é eliminatoria.**

QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

1. As **solicitudes** para participar neste concurso presentaranse, consonte co **modelo** que figura como **Anexo I** das bases, no prazo de **cinco días hábiles** no Rexistro Xeral da Mancomunidad, en horario de 9.00 a 14.00 h, ou mediante algunha das restantes formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía correo electrónico á Mancomunidad. O correo electrónico fax deberá recibirse durante o prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas.

O correo electrónico da Mancomunidad é: mancomunidad@verin.gal

2. O referido prazo computarase a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, achegándose a seguinte documentación:

- a. Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- b. Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos. (Soamente se terán en conta os méritos alegados con data límite o último día da presentación de instancias).
- c. Declaración responsable de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (**Anexo II**).

SEXTA. Tribunal cualificador

1. O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes e as probas establecidas nas bases, estará integrado polos seguintes membros:

- 1 Presidente.
- 2 Vogais.
- 1 Secretario-vogal.

O Tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

no principio de economía, celeridade e eficacia.

O tribunal valorará a documentación presentada na fase de concurso e as probas realizadas na fase oposición, de acordo ás bases da convocatoria.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán con voz pero sen voto.

No suposto de que forme parte do tribunal algunha persoa allea á Mancomunidad, terá dereito a percibir indemnización por a asistencia correspondente segundo o Real Decreto 462/2002 do 24 de maio.

SÉTIMA. Proceso selectivo, resolucións e contratacións

Rematado o prazo de presentación de instancias, por resolución da Presidencia aprobarase a **lista provisional de admitidos e excluídos** ao concurso. A mesma resolución do alcalde conterá a composición do tribunal, o lugar, data e hora das probas. A lista fixarase no Taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín www.mancoverin.es; concedéndose un **prazo de dous días hábiles** para reclamacións, emenda de erros ou achega de documentación complementaria. Concluído este prazo o presidente aprobará a **lista definitiva de admitidos e excluídos**.

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas no proceso selectivo.

De acordo coa relación, elevarase ao alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de nomeamento do aspirante aprobado, procedendo o presidente ao nomeamento do aspirante seleccionado, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cós aspirantes que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que, no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista.

OITAVA. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

NOVENA.- Normas de aplicación e supletorias:

En todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido nas seguintes normas:

a) **Bases xerais reguladoras da contratación do persoal da mancomunidad de municipios da comarca de Verín e dos concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós consultábeis na seguinte web:**
<http://www.mancoverín.es/category/novas/page/5/>

b) Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

c) Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

d) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

e) Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

f) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

Verín, 15 de marzo do 2018.

O Presidente, José Luis Suárez Martínez

documento asinado electronicamente



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ DATA NACEMENTO _____

R/ _____ Nº _____

LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____

CÓDIGO POSTAL _____ TELÉFONO _____ email _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada pola Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, para a contratación dun/dunha EDUCADOR/A SOCIAL .,

DECLARO:

1º- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

3º.- Que autorizo a Mancomunidad para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro e na páxina Web da Mancomunidad, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Verín, ____ de _____ de 2018

Asdo. _____

AO PRESIDENTE DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DE VERIN

Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Calle do Cancelón, 1, Verín. 32600 (Ourense). Tfno. 988414600. Fax: 988 592085



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO II: Modelo de declaración responsable

D./Dña _____, con DNI núm. _____ e domicilio en _____ declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación dun educador/a social, asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Verín,.....de.....de 2018.

(Asinado polo interesado)



Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

ANEXO III

TEMARIO. Posto de educador/a social.

1. A Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia. O sistema de servizos sociais e a súas prestacións.
2. O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
3. A Lei 3/2011, de 30 de xuño de Apoio á familia e á convivencia de Galicia, a Infancia e a Adolescencia.
4. A violencia de xénero. Prevención. Recursos de intervención. A Lei 11/2007, de 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero.
5. A Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, Reguladora da Responsabilidade Penal dos Menores.
6. A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
7. Servizo de educación e apoio familiar: Obxectivos, persoas destinatarias.
8. Maltrato, situación de risco e desamparo.
9. Tipoloxía de familias e intervención familiar. A mediación familiar.
10. Trastornos de conduta na infancia. Medidas de aloxamento de menores. Alternativas de aloxamento.
11. Problemática na adolescencia. Inadaptación social e conduta delitiva na adolescencia. A titoría de adolescentes en situacións de risco.
12. A inclusión social. O Plan Galego de Inclusión Social.
13. Programas de apoio ás familias galegas.
14. Servizos e axudas a disposición das familias galegas.
15. Actuacións en situacións de desprotección social da/o menor e medidas de protección.
16. O acollemento familiar.



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

17. A información á muller nun centro municipal.
18. Xénero e coeducación.
19. A prevención de drogodependencias nun Concello, a actuación do entorno familiar. A entrevista familiar.
20. Actuación dos servizos sociais no absentismo escolar.
21. A problemática do alcohol e drogas na adolescencia.
22. A intervención e educación na poboación xitana e na poboación inmigrante.
23. Papel da/o educadora/educador, conceptualización, valores e obxectivos básicos en educación ambiental.
24. Papel da/o educadora/educador, conceptualización, valores e obxectivos básicos en educación para a igualdade.
25. Papel da/o educadora/educador, conceptualización, valores e obxectivos básicos en educación para o consumo.
26. Papel da/o educadora/educador, conceptualización, valores e obxectivos básicos en educación multicultural.
27. Papel da/o educadora/educador, conceptualización, valores e obxectivos básicos en Inserción sociolaboral e orientación profesional.
28. Papel da/o educadora/educador, conceptualización, valores e obxectivos básicos en educación para a participación e convivencia cidadá.
29. A educación non regrada como elemento socializador.
30. A animación sociocultural como proceso educativo. Obxectivos e programas.
31. Adestramento en habilidades sociais da/o educadora/educador.
32. Ocio e tempo libre. O xogo como técnica de aprendizaxe.
33. Educación para a saúde. Actitudes e hábitos referidos ao descanso, hixiene e actividade infantil. Enfermidades infantís. Criterios para a intervención educativa.
34. A investigación social como fonte de coñecemento de necesidades educativas. Instrumentos e métodos.



Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

35. Comunicación e atención ao público. Procesos de comunicación aplicados a unha acción educativa.
36. A coordinación institucional como recurso educativo. A interrelación de áreas municipais.
37. Dinámicas de grupo. Clases de grupo. Estrutura. Fenómenos grupais. Aplicación das técnicas de dinámicas de grupo á intervención educativa.
38. Metodoloxía da acción socioeducativa con familias, grupos e comunidades. O acompañamento socioeducativo.
39. Deseño da acción educativa. Obxectivos. Contidos. Selección de estratexias.
40. A intervención dos servizos sociais municipais ante o maltrato infantil. Protocolo de actuación en situacións de risco e desamparo no ámbito de menores.
41. A cidade educadora: Concepto, obxectivos, principios e programas.
42. Causas e intervención na violencia familiar.
43. As persoas con dificultade ou discapacidade física, sensorial ou psíquica: integración social e familiar, criterios de avaliación e seguimento para a intervención educativa.
44. Coordinación e traballo en rede: axentes implicados, niveis de coordinación, fases do proceso de coordinación.
45. Código deontolóxico da educadora e do educador social.
46. Coñecemento xeral da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ver